

ACTO DE ELECCIÓN DE DESTINO. INSTRUCCIÓN.

Con data 22 de xullo publicouse no DOG a Resolución do 15 de xullo de 2026 pola que se convoca para a elección de destino definitivo as persoas aspirantes que superaron o proceso de estabilización da Axencia Galega de Innovación.

Para cumprir co establecido nesta resolución, o día **30 de xullo de 2026 ás 10:00 horas** terá lugar o acto de elección de destino definitivo no **salón de actos** das dependencias da Axencia Galega de Innovación, Rúa Airas Nunes s/n, Conxo-Santiago de Compostela. O acto terá lugar nun chamamento único e desenvolverase segundo as seguintes instrucións:

1. A orde de chamamento, por grupos, será a seguinte: grupo III, grupo II e grupo I.

Dentro do mesmo grupo, a orde virá determinada pola posición obtida no proceso selectivo tal como figura no Anexo I da Resolución do 15 de xullo de 2026.

2. As persoas aspirantes deberán presentarse provistos de DNI/NIE ou documento fidedigno acreditativo da súa identidade.

No suposto que a persoa aspirante non poda comparecer persoalmente, poderá ser representada por terceiras persoas. A representación poderá acreditarse mediante calquera medio válido en Dereito que deixe constancia fidedigna da súa existencia. Para estes efectos, entenderase acreditada a representación realizada mediante apoderamento apud acta efectuada por comparecencia persoal ou comparecencia electrónica na correspondente sede electrónica, ou a través da acreditación da súa inscrición no rexistro electrónico de apoderamentos da Administración Pública competente. Pode empregarse o procedemento "PR005A: Poder xeral para que a persoa apoderada poida actuar en nome da persoa apoderante en calquera actuación administrativa e ante calquera Administración Pública."

3. De non acudir e non comparecer mediante representante será de aplicación o recollido no artigo 8 da Resolución 15 de xullo de 2026.

4. As persoas aspirantes terán que optar por un dos postos correspondentes ao grupo ao que acceden, recollidos no Anexo II da Resolución do 15 de xullo. A praza escollida xa non estará dispoñible para as seguintes persoas en ser chamadas.

5. Se finalizado o chamamento quedase algunha praza sen cubrir, convocarase á seguinte persoa aspirante da lista de reserva seguindo o procedemento indicado tanto na Resolución do 15 de xullo como nestas instrucións ata rematar a listaxe de reserva, se a houbese, ou lograr a cobertura das prazas ofertadas no proceso extraordinario de estabilización.

Asinado por medios electrónicos en Santiago de Compostela na data que consta na marxe

A directora

Carmen Cotelo Queijo

